

Massó¹

Francisco Alfaro Mora

Massó
 invita a
 bailar o valse
 do tempo en bucle
 e o derradeiro alento
 da balea emerxe en mexada
 ingrávida con alma de
 fonte Duchamp cal o in
 morrente *inter* *mezzo* do can

lembra unha molesta marca territorial
 da vangarda O **Salgueirón** é unha escada
 de espiñas un descenso constante polos
 banzos da memoria

que agora estancia
 na lagoa da **Congorsa**
 os envases de plástico son
 peixes que aboian fillos
 bastardos

das vellas latas
 da factoria tirar
 praia abaixo pasos
 febles deixan terra

as firme
 lanchas perden
 mar por un furado
 que vén do porto
 deportivo tirar tirar
 cara adiante e cara
 atrás

Massó conserva a nota
 sostida do canto
 profundo da balea
 branca e o

asubío do
 arpón
 do
 capitán
 Ahab
 tirar
 e
 tirar
 para adiante
 e para atrás tirar
 a simple complexidade
 do verbo que traza unha liña
 transitable en tódolos sentidos
 e os pasos febles abandonan terra
 firme guiados cara ao fondo ao
 lugar en que o esqueleto do mar
 abranda

¹ Polo ano 2005, aproximadamente, a entidade bancaria **Caixanova**, dirixida por **Julio Fernández Galoso**, e a empresa *Atlántico Construcciones*, propiedade de **Ubaldo Rodríguez**, puxéronse en contacto co prestixioso arquitecto **Norman Foster** para iniciar un proxecto urbanístico que consistía en transformar a antiga fábrica de conservas e factoría baleeira de **Massó** nun complexo de luxo, con porto deportivo, gran hotel, chalés en primeira liña de praia... Entre outras cousas, o porto deportivo eliminaba para sempre unha areeira, a praia da **Cunchiña**. Os veciños de **Cangas** unidos en mobilización cidadá conseguiron deter este intento de “pelotazo” urbanístico